



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA**  
SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN

Refer.: **2020/7565**

**RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A APORTACIÓN DO MEDIO PROPIO EMPRESA DE TRANSFORMACIÓN AGRARIA S.A. (TRAGSA) PARA A REALIZACIÓN DE ACTUACIÓN S URXENTES MEDIOAMBIENTAIS, DE SALUBRIDADE PÚBLICA E ORNATO NO CONCELLO DA CORUÑA (1ª FASE)**

Don **XOSÉ REGUEIRA VARELA**, Presidente en función s da Deputación Provincial da Coruña,

**ANTECEDENTES**

O 30 de abril de 2020 o Pleno da Deputación Provincial da Coruña aprobou o CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DE A CORUÑA PARA A APORTACIÓN DO MEDIO PROPIO “EMPRESA DE TRANSFORMACIÓN AGRARIA SA, SME, MP (TRAGSA)” PARA A REALIZACIÓN DE ACTUACIÓN S URXENTES MEDIOAMBIENTAIS, DE SALUBRIDADE PÚBLICA E ORNATO NO MUNICIPIO DA CORUÑA, , así como encomendar a TRAGSA como medio propio as actuación s descritas no mesmo. O punto 12 do citado acordo condicionaba a eficacia do convenio a que “o órgano municipal competente aprobase o expediente oportuno no que se ratifiquen as razón de urxencia e a necesidade de acudir ao encargo aos medios propios da Deputación, así como a aprobación do texto do convenio.”

A Xunta de Goberno Local, previos os informes favorables da Asesoría Xurídica e da Intervención Municipal, na súa xuntanza do pasado 7 de agosto aprobou a formalización e sinatura do convenio, o texto aprobado polo Pleno da Deputación e ratificou as razón de urxencia e a necesidade de acudir ao encargo.

O citado convenio formalizouse no documento administrativo 48/2020, de data 14 agosto de 2020.

Na mesma xuntanza o Xunta de Goberno Local acordou autorizar e disponer o gasto a favor de TRAGSA para sufragar as actuación s correspondentes á primeira fase das previstas no convenio, segundo a documentación e informes que obran no expediente, por importe de 255.984,39 € e nomeou aos directores facultativos de acordo co previsto na cláusula cuarta do convenio. A documentación adxuntada polo Concello da Coruña é a seguinte:

- Certificado dos acordos da Xunta de Goberno Local do 7 de agosto asinado polo Oficial Maior e o secretario do órgano.
- Memoria valorada da TRAGSA das actuación s correspondentes á Fase I
- Certificado de TRAGSA de non subcontratación de máis do 50% das actuación s da Fase I
- Memoria técnica das actuación s da Fase I da Área de Medio Ambiente e Sustentabilidade do Concello da Coruña

Polo exposto, en virtude do convenio formalizado en data 14 de agosto de 2020 e tendo en conta os informes do Servizo Patrimonio e Contratación e da Intervención Provincial da Deputación Provincial da Coruña,

**RESOLVO:**

- 1.) Aportar o medio propio TRAGSA, ao Concello da Coruña, para a execución das actuacións correspondentes á realización de actuacións urxentes medioambientais, de salubridade pública e ornato na Fase I, que ascende á cantidade de 255.984,39 €, que non supón ningún desembolso económico para a Deputación dacordo coa cláusula cuarta do convenio.
- 2.) Encomendar a TRAGSA a realización das citadas actuacións.
- 3.) De conformidade co convenio formalizado co Concello da Coruña, TRAGSA facturará directamente ao citado Concello, o importe dos traballos realizados, de acordo co seu sistema de tarifas e o orzamento achegado, que serán abonados directamente polo Concello da Coruña a TRAGSA, previa emisión dos informes necesarios para a súa constatación.